

### **Servizos de Asesoramento e Tramitación Laboral**

- Tramitaremos, redactaremos e confeccionaremos puntualmente, no seu nome, a documentación á que veña obrigado en razón das disposicións laborais vixentes para ofrecer un asesoramento laboral integral, isto é:

- Cursar altas, baixas e modificacións dos traballadores na Seguridade Social, así como a confección e presentación de todo tipo de contratos en vigor e das súas prórrogas.
  - Dilixencia e presentación dos partes de baixa por Incapacidade Temporal ante a Seguridade Social ou a Mutua Patronal.
  - Confección das nóminas mensuais para o pago de salarios e cálculo e confección de Boletíns de Cotización á T.X.S.S.
  - Estudio, cálculo e confección de liquidacións por terminación de contrato e os seus pertinentes finiquitos.
  - Asesoramento e xestión en materia laboral. Isto inclúe a confección de listados estadísticos de costes totalmente personalizados e adaptados ás súas necesidades, o análise de bonificacións e subvencións pola contratación de traballadores, etc.
- Tramitaremos ademáis aquelas xestións que sexan consecuencia do traballo e afecten ás retencións dos traballadores, é dicir, Impostos Directos:
- Confección e liquidación dos modelos 111 trimestrais, polas retencións feitas ós traballadores.
  - Cálculo e confección cos diferentes datos dos traballadores da plantilla e dos profesionais, se procede, do Resumo Anual do Imposto (Modelo 190). E cumplimentación individual do Certificado de Empresa de tódolos traballadores e profesionais relacionados nese modelo.
  - Confección da Comunicación de datos ó pagador coa situación familiar de cada traballador

### **Servizos de Asesoramento Xurídico Laboral Integral:**

A nosa asesoría conta con múltiples abogados exercentes en materia laboral que poderán realizar as seguintes funcións:

- Confección de cartas de amonestación, sanción, despido ou comunicacións en xeral ós traballadores da empresa.
- Confección, recepción e envío de escritos varios ó Xulgado.
- Análisis e elaboración de informes sobre posibles conflitos xurdidos con traballadores.
- Comunicación telefónica ou presencial permanente para a resolución de dúbidas xurídicas en materia laboral.

### **Servizos de Asesoramento e Xestión da Área Fiscal e Contable:**

Dende o noso departamento fiscal, examinaremos e buscaremos o mellor instrumento e os mellores criterios para o asesoramento contable e fiscal do seu negocio. A análise das condicións internas de ditas áreas na súa empresa permitiranos detectar os puntos febles existentes nestas materias.

Así, un coñecemento analítico das condicións internas de explotación, e da política fiscal que apliquemos, levaranos a establecer un programa de actuacións que posibilitará a prestación dun mellor servizo para a súa empresa.

Xestionaremos as seguintes prestacións da súa empresa:

- a) Estudiaremos e analizaremos as súas condicións internas para adecuar a problemática

e os incentivos fiscais vixentes á política económica da súa empresa (influencia en plans de amortización, beneficios fiscais, compensación de perdas, deducións por inversión...).

b) Elaboración do peche fiscal e contable e confección e presentación do Imposto de Sociedades. Legalización de libros contables, así como a confección e depósito das Contas Anuais no Rexistro Mercantil, se procede.

c) Daremos debido cumprimento ás obrigacións fiscais das que sexa obxecto a empresa (altas, baixas e modificación censais, I.V.E., I.R.P.F., retencións de alquileres, traballadores, profesionais, etc.).

d) Supervisaranse e controlaranse trimestralmente os movementos contables.

Partiremos de que a información que nos proporcione o contable do seu negocio esté correctamente rexistrada. En caso de precisarse axustes específicos sobre exercicios pechados, poderanse orzamentar se o desexa.

e) Asesorarémolos en todo o que se refira ó departamento fiscal e contable da súa empresa e facilitarémolles a información das modificacións que se produzan na lexislación fiscal e contable no que a vostedes afecte.

f) Representarémolos ante a Axencia Tributaria en actos de comprobación, inspección ou outros trámites. A interposición de recursos ante o Organismo competente, así como ante o Tribunal Económico-Administrativo, serán minutados en cuantía de honorarios mínimos en función da súa complexidade e gastos ocasionados.